



IRIBARNE

TEXTO ESTHER F. CARRODEGUAS | DIRECCIÓN XAVIER CASTIÑEIRA

MÓNICA GARCÍA | JORGE DE ARCOS | ESTHER F. CARRODEGUAS | ANXO OUTUMURO | LIDIA VEIGA | XURXO CORTÁZAR
BSO BERTO | COREOGRAFÍA SABELA DOMÍNGUEZ | ESPAZO ESCÉNICO XAVIER CASTIÑEIRA E DIEGO VALEIRAS | AUDIOVISUAIS PABLO FONTENLA | VESTIARIO DIEGO VALEIRAS
ILUMINACIÓN DIEGO VILAR (EQUIPO CREATIVO RTA) | PRODUCE BUTACAZERO + CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL + MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO (MIT) DE RIBADAVIA



inaem

INSTITUTO NACIONAL
DE LA ARQUITECTURA
Y LA MÚSICA

CDN

Centro Dramático Nacional

una coproducción del Centro *#Dramático* Nacional

butacazero

MIT
MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
DE RIBADAVIA



XUNTA
DE GALICIA

Sinopse

IRIBARNE é un tipo nado na mesmísima vila de **Rouco Varela** (si: o cardeal) durante a Monarquía de **Alfonso XIII** (o primeiro promotor do cine porno en España?, si-si: ese). Emigrado a Cuba con tan só un ano -coincidindo coa inauguración da ditadura de **Primo de Rivera**- tras facer as Américas durante un par de anos o noso protagonista volve triunfante para ser o fillo do alcalde (e o da francesa!). Empeza o bacharel coa entrada da **II República**, case-case se fai cura durante a **Guerra Civil** pero decide liscar a Madrid -seguindo o rastro doutro galego ilustre- nada máis inaugurada a Era do Devandito (si, claro: **O Caudillísimo**). Con tanto afán tentou ser coma el, que máis pronto que tarde chegou a ser Ministro no seu mandato, a pesar de ter disparado dous días antes o cu da súa filla (pero que dis!? Si-si: dato real!). Sendo o primeiro e mellor opositor de España, quixo substituír ao Caudillo cando este morreu. Non puido ser: non ía por oposición. Tivo que conformarse co cargo de Vicerrei na súa querida **Terra Galega**.

IRIBARNE é unha **investigación escénica** sobre unha desas figuras absolutamente imprescindibles do noso **pasado recente**. Un **intento (bastante irreverente)** por comprender como chegamos até aquí da man dun político que, nas súas propias palabras, dicía as **verdades sen condón**.

Pero ollo: por máis que o poida parecer,
isto NON é un biopic sobre Manuel Fraga.

Teríanos encantado facelo...
pero non collía nunha soa obra!



Orixes

O pasado 2021 andabamos buscando un novo proxecto de investigación no que embarcarnos cando **Manuel Fraga** acudiu na nosa axuda. Dalgunha maneira, aparecéusenos; non coma fantasma, por suposto, senón como tema. Estaba a piques de cumprirse o **centenario do seu nacemento** (1922) e facía case dez do seu falecemento (2012). Esa sorte de **redondez das datas** parecía querer dicirnos que era un bo momento para facer balance dun político que tivera moitísima importancia nun pasado moi recente pero caera estrepitosamente no esquecemento con bastante inmediatez.

IRIBARNE, ese sería o título. Que bo título!, pensamos, que bo título! Emocionámonos imaxinando os carteis da obra coa **imaxe de Fraga en Palomares**. Pero decidimos frear aqueles impulsos irracionais. Estaba claro que non era máis que unha idea aloucada, unha paixón de primavera, un namoramento deses que duran dous días, dúas semanas, un verán e nada máis.

Pero xustamente ese verán -o verán de 2021- embarcámonos coa furgoneta sobre a costa valenciana: esa costa apisoada por un turismo de masas que non permite entrever a esencia do anterior. E comezamos a preguntarnos se ese que considerabamos o noso "Manoliño", non sería tamén un dos grandes artífices desa (re)identidade turística na costa oposta.

Si. Quizais **IRIBARNE** era, definitivamente, un bo proxecto no que embarcarnos. De costa a costa.



O Proceso

Dende o principio pensamos que abordar un **personaxe tan popular** tiña que facerse coa colaboración daquelas persoas que o trataran, e isto significaba en Galicia case todo o mundo. Non só por ter entrado a diario vía televisión nas nosas casas durante demasiados anos, senón porque Fraga, acumado popularmente '**Zapatones**', tiña deixado a súa pegada na metade máis unha de todas as festas, romarías, eventos, inauguracións e mesmo estreos teatrais habidas e por haber. Moitísimas persoas albergan **memoria directa sobre el**: tocáronlle calurosamente a man ou sufriron os seus despidos; recibiron del felicitacións ou impertinencias.

En xaneiro **de 2022** anunciamos o arranque deste proxecto nas nosas **redes e en prensa**. Os primeiros e-mails con anecdotario e comentarios pola rúa non se fixeron de rogar. Habilitamos un correo a través do cal recibimos **curiosidades e noticias relevantes**. Pero é que incluso nos enviaron **anónimos postais!**

Crear a dramaturxia de **IRIBARNE** converteuse, sen dúbida, no **proceso máis compartido e apaixonante da compañía** até o momento. O proceso de dramaturxia habitou **2 semanas no Pazo de Mariñán** (onde Fraga empezou a deseñar cos seus acólitos a súa retirada política) grazas ás **residencias creativas** organizadas pola **Editorial Axouxere** e a **Deputación da Coruña**. Grazas á iniciativa **CRUCES** de camiño **Escena Norte** bebeu das improvisacións (en aberto) dun pequeno grupo actoral xunto á colaboración de **Agurtzane Intsaurraga** de **Hika Teatroa**. En marzo de 2023 Carrodegua escribiu en Barcelona grazas ás **residencias creativas** da **Sala Beckett**. E como **broche final**, o **proceso de ensaios** comezou compartindo o primeiro anaco do texto na **MIT de Ribadavia** (co-productora do proxecto).



En Prensa


"Un político clave de la dictadura que rebrota como demócrata y se reinventa como galleguista sin despeinarse no solo es un personajazo, sino también un vehículo perfecto para explorar la reciente historia de España y entender los pilares sobre los que se asienta la democracia actual". Raquel Vidales, El País

"IRIBARNE no puede clasificarse como teatro documento, ni siquiera como un biopic o ensayo histórico. Es una comedia salvaje, ampliamente documentada, en la que asistimos a la lucha fratricida por perpetuarse en el poder de los políticos que estaban al mando durante la dictadura, siguiendo esa máxima lampedusiana que dice que todo debe cambiar para que nada cambie". Pablo Giraldo, Vanity Fair

"Estamos ante uno de los estrenos más esperados de la temporada, que podemos confirmar que ha cumplido con creces con las expectativas creadas. Un perfecto engranaje técnico e interpretativo sobre un texto contundente y muy bien estructurado. Una pieza que nos lleva por la historia de nuestro país a través de la figura de Iribarne, pero que lejos de ser un biopic es una radiografía de nuestro pasado reciente". Fernando Muñoz Jaen, Vista Teatral

"*IRIBARNE* no deja títere con cabeza. Es una sátira irreverente sobre Fraga que, obvio, carga contra el franquismo, pero también sin sutilezas contra la Transición y el bipartidismo a ritmo de tecno fiesta de verbena. El elenco se va convirtiendo en sucesivos Fragas que reflejan todo tipo de matices del político y de etapas con un juego de la escenografía —la dirección es fabulosa— que deja sin respiro al espectador". Paula Corroto, El Confidencial

"*IRIBARNE* es al mismo tiempo un biopic del político gallego y una revisión de la historia de la Transición española que se convierte en una exhumación sin remilgos, frontal, y en donde el público, a quien se llama "el pueblo", es interpelado constantemente". Pablo Caruana Húder, Eldiario.es



Galeria











A Compañía

ButacaZero é a plataforma creativa de **Esther F. Carrodegua**s e **Xavier Castiñeira**, que propoñen un teatro que dialoga coa actualidade dende unha mirada crítica e irónica.

ButacaZero popularizouse en Galicia no ano 2016 grazas á estrea de **Voaxa e Carmín** na **Mostra Internacional Ribadavia** e desde entón investigaron o esquecemento con na **butaca [fantasía nº3 en Dor Maior]**, a identidade galega con **#camiños** (en coprodución co CDG), a vida de María Casares con **Despois das ondas**, a vida confinada con **32m²**, a violencia machista coa ópera **Papagena** e a gordofobia con **O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada**, estreada recentemente en **Teatro del Barrio**.

Coas súas obras estiveron en case todos os teatros e festivais de Galicia, dende a **MIT** ao **FITO** pasando pola **Mostra de CEE**, a **Internacional de Teatro cómico e festivo de Cangas** e o novísimo festival de teatro contemporáneo **USCénica**.

As súas montaxes foron candidatas numerosas veces nos **Premios María Casares de Teatro**, conseguindo non poucos galardóns. Tamén foron candidatos aos **premios Max** nos dúas últimas ocasións (este mesmo ano como **mellor espectáculo musical ou lírico** e **mellor labor de produción**)

Con este proxecto dan un paso adiante apostando por un **novo modelo de xestión creativa** que inclúa ao público en todas as fases do proxecto, convidándoo a participar do proceso de creación. Unha nova etapa **ButacaZero** con moito máis **risco** tanto **empresarial** como **político** e por suposto: **artístico**.



Equipazo!

EN ESCENA **MÓNICA GARCÍA**
XURXO CORTÁZAR
ANXO OUTUMURO
LIDIA VEIGA
JORGE DE ARCOS
E ESTHER F. CARRODEGUAS

COREOGRAFÍA e
ASISTENCIA DIRECCIÓN **SABELA DOMÍNGUEZ**

ESPAZO SONORO e
TEMAZOS **BERTO**

ESPAZO ESCÉNICO **XAVIER CASTIÑEIRA**
E DIEGO VALEIRAS

VESTIARIO **DIEGO VALEIRAS**

ILUMINACIÓN **DIEGO VILAR - EQUIPO CREATIVO RTA**

AUDIOVISUAIS **PABLO FONTENLA**

ASISTENCIA TÉCNICA **RTA - RECURSOS TÉCNICOS ARTÍSTICOS**

2º ASISTENTE DIRECCIÓN **ANTONIO C. GUIJOSA**

TEXTO **ESTHER F. CARRODEGUAS**

DIRECCIÓN **XAVIER CASTIÑEIRA**

PRODUCCIÓN **O GIANZO E ESTHER F. CARRODEGUAS**

ENTREVISTAS **INMA LÓPEZ SILVA**
PABLO FONTENLA

COMUNICACIÓN **EQUIPO SOPA & THE OFFICE**





UNHA PRODUCCIÓN

butacazero

EN COPRODUCCIÓN

CO CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL

E A MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE
RIBADAVIA (MIT)

DISTRIBUCIÓN GALICIA

butacazero

Esther F. Carrodegua

629694432

carrodegua@butacazero.com

DISTRIBUCIÓN ESPAÑA

portal71
CO ATENCIÓN AL CLIENTE

Rocío Pindado

635 708 999

rociopindado@portal71.com